

## Naufraxios de Motril.

Regatos de auga doce rematan o seu camiño ao alcanzar as beiras mediterráneas de Motril.

Nunca foi doado dispor de auga nas costas andaluzas. Xa os romanos tiveron que a transportar longas distancias nos seus acueductos. Non foron os únicos que pousaron os seus ollos nestas ricas terras.

Ao longo de toda a costa, torres e atalaias islámicas semellan aínda viaxar o mar e aos seus viaxeiros. Estes sistemas defensivos fannos lembrar a nosa historia e transportanos a outros tempos, de guerras, sí, pero tamén de esplendor.

Unha historia máis recente agardanos baixo o mar.

Os restos de diversos navíos xacen no leito mariño de Motril, como os restos dun naufraxio.

Non moito tempo atrás, os pescadores de Motril notaron que os peixes eran cada vez máis escasos e as tallas das capturas cada vez máis pequenas. Entón decidiron afundir algúns barcos pesqueiros, a fin de crear un arrecife artificial nas súas augas.

A función destas estruturas é de atraer e dar acubillo a peixes, como as chaparellas, as doncelas, os serráns e os salmonetes.

Foi así que se cerou un novo hábitat, no que as especies poden desenvolverse e reproducirse, e por tanto, mellorar as poboacións ícticas costeiras; é dicir, mellorar os caladeiros de pesca locais.

Pero algúns pescadores arriscáronse a botar as redes demasiado preto, e moitas quedaron esquecidas entre os restos dos pecios. Estas redes nunca teñen deixado de pescar, e son moitos os animais que morren atrapados nelas.

Outras especies atopan nestes esqueletes de ferro e madeira un substrato sólido onde se fixar.

Son moitos os organismos sésiles que tiran proveito destas estruturas. Ascidas, ceriantos, anémonas, pólipos, corais e espirógrafos, destacan na comunidade bentónica.

Entre as revoltas deses arrecifes artificiais é común atopar algún congro. Son alongados e esbeltos, e permanecen agochados durante o día, sempre atentos a calqueira ameaza, e preparados para comezar a caza depóis do solpor.

Son moitos os depredadores que se achegan ao arrecife, atraídos pola abundancia de presas concentradas en tan pouco espacio.

Oculto entre as algas da cuberta, un choco descansa inmóbil.

A súa respiración é lenta e sosegada. A excelente visión dos cefalópodos e a capacidade de cambiar a súa pigmentación son adaptacións que lles permiten aos chocos ou ben fuxir a tempo ou ben camuflarse.

A modiño, ondulando o manto que rodea o seu corpo, comeza a se mover polo pecio na busca dun refuxio máis seguro, ou dalgunha presa despistada da que se alimentar, entre os restos afundidos en augas de Motril.